

A axencia de Viaxes

Obxectivos*

1. **Reflexionar** sobre os conflitos esquecidos.
2. **Reflexionar** sobre as consecuencias que ten para as persoas a forma en que se resolven os conflitos.
3. **Coñecer o deber** e a responsabilidade que ten a comunidade internacional de protexer a poboación civil en perigo en situacións de violencia armada.

Esquema de actividades*

1. A axencia de viaxes
2. Investigamos por grupos
3. Imos ao cinema

Desenvolvemento das actividades e orientacións didácticas*

1. A axencia de viaxes

A actividade comeza repartindo a cada alumno e alumna unha ficha coas ofertas de viaxes. Pídeselles que lean o seu contido e procédese a analízalas de forma colectiva, quer no grupo-aula, quer traballando en grupos pequenos. Para iso, poden lanzarse as seguintes preguntas guía:

- Que te sorprende desta axencia de viaxes? O que se agocha detrás da ironía que reflicten as ofertas da axencia?
- Sitúa nun mapa os países que oferta a axencia. Das situacións de violencia descritas, destaca aquelas das que nunca ouviras falar.
- Algúns destes conflitos son máis visibles que outros, e todos son moi variados. Cal é a característica común entre eles? Cales son as diferenzas?
- Coñeches de cerca algún dos conflitos que se mencionan?

Unha vez que os alumnos e alumnas teñan respondido ás cuestións relacionadas co que suxeriu a lectura da publicidade, pódese destacar como punto de partida que moitos destes conflitos están localizados en rexións cun gran potencial turístico (España é un dos países máis turísticos do mundo, Sudán está cerca de Exipto, Haití está no Caribe,...).

Pódese mencionar tamén que, a pesar de non ser unha práctica moi visible, parece ser que efectivamente existen axencias que ofertan “viaxes de risco” en que los clientes pagan por vivir de cerca situacións de conflito armado. Reflexionade sobre a contradición que significa que haxa persoas que viven en contextos de violencia continua dos que non poden escapar, e outras que pagan por vivir esa experiencia durante “algún tempo”.

Identifícade entre todos e todas aquelas situacións de violencia que son coñecidas polo alumnado e aquelas que lles son completamente descoñecidas. Mostrade que o elemento común entre todas estas situacións é a violencia; todas elas mostran situacións de conflito que se resolven pola vía violenta. Aproveitade a ocasión para mostrar que o conflito non ten por que ser sempre negativo; iso depende do modo en que se resolva.

A reflexión sobre o último caso pode dar lugar a continuar o debate sobre “conflitos” máis próximos ao alumnado, mesmo conflitos que se poden estar a dar no propio centro.

2. Investigamos por grupos

Sería interesante dedicar máis dunha sesión á actividade. Isto permitiríanos profundar en cada un dos casos e analízalos máis a fondo. Para iso, propomos dividir a aula en grupos e atribuír un caso a cada grupo para realizaren un traballo de investigación que despois deberán expor ao resto da aula.

Cada grupo deberá identificar os tipos de violencia que se mencionan en cada un dos anuncios (froito de guerras...), analizar as causas que a provocan e describir as consecuencias de cada un dos casos. Tamén sería interesante que cada grupo apuntase solucións. As seguintes ligazóns poden servir como punto de partida para iniciar o traballo de investigación:

www.armasbajocontrol.org
www.intermonoxfam.org
www.elmundo.es/documentos/2003/04/guerras_olvidadas
www.enredate.org/enredate/actualidad/historico/la_vuelta_al_mundo_en_30_guerras

O traballo en grupos tamén se pode enfocar cara unha análise das noticias que aparecen nos medios. Isto permitirá ver se os medios falan destes casos de violencia e analizar de que conflitos se fala e de que conflitos non se fala, e por qué. Sería interesante, por exemplo, analizar a presenza nos medios dos conflitos armados de Darfur e do Congo, situálos no mapa e buscar información sobre eles comparándoa con outros conflitos armados que si conseguen chamar a atención da comunidade internacional. Isto permitiríanos introducir o debate sobre os conflitos esquecidos e sobre a necesidade de intervir cando as poboacións están desprotexidas (a responsabilidade de protexer). Pode compararse a presenza mediática destes conflitos coa cantidade de noticias dedicadas ao Iraq.

Unha vez recollida a información, deberán expola na aula.

Unha segunda sesión podería dedicarse a estudar os casos de violencia estrutural (bandas, violencia de xénero,...) máis próximos ao alumnado, sobre los que poden buscar información nos medios.

3. Iremos ao cinema

En edualter.org encontraredes unha relación de filmes que inclúen ficha de explotación didáctica co obxectivo de poderedes realizar un vídeo foro posterior á visualización do filme.

VIAJES GUERRA

OFERTAS DE INVIERNO

PREZO: 1.500 €



VIAXE AO CENTRO DE ÁFRICA... Á REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO!

Inclúe:

- *Visitas aos cemiterios das vítimas do conflito (tanto aos dos centos de millares de mortos a tiros, como aos dos millóns de mortos como consecuencia indirecta da guerra).*
- *Comida con traficantes de armas, cuxa mercadería procede de Francia, Alemaña, Reino Unido e Sudáfrica (a pesar de existir un embargo de armas).*
- *Visita a algún lugar do Leste da República Democrática do Congo para presenciar en directo algún dos encarnizados combates que aínda hoxe continúan a ter lugar.*

VIAXE AO CARIBE... AO HAITÍ!



PREZO: 1.000 €

Inclúe:

- *Visitas aos centros médicos de Porto Príncipe, capital do país, para observar algunha das tres vítimas por arma de fogo que chegan diariamente a estes centros.*
- *Visita a Cité Soleil, zona de Porto Príncipe, para presenciar algunha batalla brutal entre grupos armados de adolescentes ou mozos.*

VIAXE AO NILO... AO SUDÁN!



PREZO: 2.000 €

Inclúe:

- *A oportunidade de presenciar na rexión de Darfur unha razzia das milicias contra a poboación de raza negra (violacións, asasinatos, queima de aldeas, etc.).*
- *Visita a algún dos numerosos campamentos ou campos de refuxiados (hainos mesmo no veciño Chad!) levantados para acoller os cerca de dous millóns de fuxidos ou desprazados.*

VIAXE A CALQUERA DESTINO... NACIONAL



PREZO: 500 €

Inclúe:

- *Visita a un Instituto de educación secundaria para presenciar algún episodio de acoso dentro do centro ou algunha pelexa fóra del á hora da saída.*
- *Visita a un centro de internamento de menores inmigrantes: todos os inmigrantes entraron de forma ilegal, non teñen documentación e ningún fala inglés. Están á espera de que os devolvan aos seus países ou que os envíen a outro centro de internamento, xa que o centro non ten capacidade para todos.*
- *Tería sido interesante visitar un piso de acollida de mulleres maltratadas. Porén, iso non vai ser posible xa que a súa localización é secreta, precisamente para que os maltratadores non se poidan acercarse ás súas vítimas.*